

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

ENTREVISTAS

Conversando con Miguel Anxo Fernán Vello e Teresa Barro

TEMPOS de decembro abre as súas páxinas á verba comprometida de Miguel Anxo Fernán Vello e Teresa Barro, cos que conversamos en senllas entrevistas. O escritor e editor maniféstase máis unha vez como cidadán da poesía. Teresa Barro, tradutora, ensaísta, e integrante do Grupo de Traballo de Londres, denuncia con forza a pervivencia do patriarcado na sociedade actual.

- 09:08 16/12/2005

O poeta, o dramaturgo e o editor, o cronista dos pobres, dos inmigrantes e dos exiliados, conviven nesta conversa entre o xornalista **Óscar Curros** e Miguel Anxo Fernán Vello. Mentres se desenvolve esta conversa en Compostela, os servizos informativos das televisións mostran os suburbios de París queimados polos desposuídos. Esta realidade é a que penetra en *Territorio da desaparición*, obra xa recoñecida por crítica, libeiros e editores. Para Fernán-Vello, a poesía é "un sistema a través do cal o poeta e o lector obteñen un coñecemento esencial das cousas da realidade. O terríbel é que se le pouco poesía, e isto crea graves eivas na visión do mundo".

Bebendo té con menta, como non podía ser doutra maneira. **Iria Alonso Casares**, analista do IGADI, entrevista a Teresa Barro na súa casa do barrio londinense de Maida Vale. Integrante do Grupo de Traballo de Londres, pioneira, muller racha-saias; nada na Coruña en 1936, o 8 de marzo. Reside en Londres dende 1964. Na actualidade é profesora de tradución na universidade de Westminster. *Cartas a Rosalía* e *Dentro e fóra* son algúns dos seus ensaios máis relevantes.